



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO NOS HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel Toimil,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co Servizo Galego de Saúde, o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020 e que se poderá prorrogar, por acordo expreso das partes, e ata un máximo de 4 anos adicionais.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social (a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado) e o Servizo Galego de Saúde, para a implantación, a través das distintas Xerencias das áreas sanitarias, do programa *Acompañamento nos hospitais e centros de saúde*, un programa de humanización consistente no acompañamento con persoas voluntarias aos/ás usuarios/as e visitantes que reciben asistencia sanitaria nalgún centro público do Servizo galego de Saúde. Ambas partes facilitarán que as persoas voluntarias, seleccionadas pola Consellería de Política Social e interesadas en participar, leven a cabo diversas actividades de acompañamento e apoio á información nos diferentes programas executados pola persoa designada polas distintas áreas sanitarias, para desenvolver actividades de humanización dos hospitais e centros de saúde implicados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que o Servizo galego de Saúde, ten interese en humanizar a atención sanitaria ás persoas usuarias dos centros públicos asistenciais, cunha atención profesionalizada e orientada ao seu benestar. Segundo o disposto no artigo 23 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, este organízase periféricamente, para o exercicio das súas competencias, en estruturas de xestión integrada, en tanto que estruturas organizativas sen



personalidade xurídica que xestionan o Sistema Público de Saúde no seu ámbito territorial. Correspóndelles ás citadas estruturas a xestión unitaria dos recursos sanitarios e das prestacións e programas sanitarios que desenvolven no eu ámbito territorial.

Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle, entre outras funcións, a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 1/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

A citada Lei, sinala que a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de calquera sociedade moderna e democrática e constitúe un compromiso que deben cumprir os poderes públicos, que se atopan compeltidos a facilitaren e promoveren as condicións necesarias para facer efectiva a devandita participación.

O artigo 5.2 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, considera incluída dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas coas de natureza sociosanitaria.

Por outra banda, o artigo 27.4 da Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas coa Consellería de Sanidade poderá instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións e outros, de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse.

Existe pois un interese común entre a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e o Servizo galego de Saúde en colaborar na promoción e difusión do programa *Acompañamento nos Hospitais e Centros de Saúde* coa realización das actividades de acompañamento e apoio á información orientadas a obtención de beneficios directos no entorno sanitario, tanto para as persoas usuarias como para as persoas voluntarias.

Para facer efectiva a promoción e difusión do dito programa, o Servizo Galego de Saúde, a través das distintas Xerencias das áreas sanitarias, asume unha serie de compromisos que se concretan no instrumento de colaboración e que se resumen principalmente nos seguintes:

1) Impartir cursos de formación ás persoas voluntarias naqueles casos en que sexa preciso.



2) Asumir a coordinación e supervisión do programa de voluntariado a desenvolver na súa área.

3) Publicitar o programa a través da súa web.

A Consellería de Política social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado asume os seguintes compromisos:

1) Inscripción e selección das persoas voluntarias, así como a súa identificación e acreditación.

2) Cobertura polo seguro de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias que participen nos diferentes programas de humanización.

3) Garantir a confidencialidade respecto da información e datos persoais aos que, as persoas voluntarias puidesen ter acceso durante o desenvolvemento do programa mediante a sinatura da correspondente carta de compromiso.

4) Difusión das actividades obxecto do convenio a través da web de voluntariado.

5) Supervisión das persoas voluntarias en coordinación co persoal do Sergas designado para o efecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica deste documento.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

